

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE FERROL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DENOMINADO "FERROL CIDADE DO DEPORTE".

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 65/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das facultades que lle confire o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Don José Manuel Rey Varela, alcalde do Concello de Ferrol ao abeiro do disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada unha intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este convenio, e para tal efecto,

EXPOÑEN

I. A Constitución Española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar, entre outros, de acordo cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa, en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

II. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración



interadministrativa.

Asemade, o actual contexto de austeridade e control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

III. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

IV. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local de conformidade co previsto no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo), aplicable en virtude da Disposición transitoria do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, que lle atribúe, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración local e, en particular, a promoción e execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais.

V. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación de tempo libre.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida e poda gozar de servizos de calidade, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.



VI. O Concello de Ferrol, no seu afán de fomentar a actividade física e a práctica deportiva da súa poboación, así como de por en valor a súas múltiples instalacións deportivas, proxecta converter a Ferrol na “cidade do deporte”, de xeito que sexa un referente non só para a súa poboación, senón tamén para as poboacións da súa contorna.

O proxecto “Ferrol Cidade do Deporte” pretende realizar unha mellora xeral das súas principais instalacións deportivas, así como a execución de novas instalacións en localidades do rural.

O principal eixo de actuación encóntrase na enseada de A Malata, onde se concentran sete instalacións principais: o estadio do Racing; pistas de skate; recinto feiral FIMO; campo de rugby, pista de atletismo e pistas de tenis e pavillón de A Malata.

O estadio de A Malata sofre varias patoloxías que afectan ao seu estado, tanto na súa estrutura, como na cuberta da galería, na fachada e en locais interiores. Preténdese actuar nestas zonas, así como renovar o pavimento e peche das pistas exteriores e mellorar a urbanización de acceso peonil ao estadio.

As pistas de skate están en mal estado de conservación e teñen un mal acceso. Preténdese desmontar as pistas mais antigas, rehabilitar as existentes e habilitar un novo acceso ás mesmas.

O recinto feiral de FIMO está composto por varios edificios que inicialmente tiñan un uso de exposicións e feiras. Na actualidade atópase infrautilizado e nun mal estado de conservación. Proxéctase actuar sobre varios pavillóns para convertelos en pavillóns multideportivos, un deles habilitalo como pavillón de baloncesto con gradas, así como realizar actuacións de conservación e de urbanización exterior.

Sobre o campo de rugby, a pista de atletismo e as pistas de tenis e padel de A Malata proxéctanse diferentes actuacións de renovación dos pavimentos.

O pavillón multiusos de A Malata está composto por unha edificación principal e un edificio de servizos unido á súa fachada. Preténdese mellorar o pavillón mediante reparacións puntuais na fachada e cuberta, reforma de aseos e vestiarios para adaptalos a accesibilidade, reparación de caldeira, mellora de luminarias e reforma da beirarrúa exterior para facela accesible.

A un quilómetro destas instalacións de A Malata encóntrase A Cabana, sumando outras dúas instalacións principais, a cidade náutica de A Cabana para a práctica de actividades acuáticas e subacuáticas e a pista polideportiva de A Cabana.

A primeira destas instalacións é un espazo destinado ao uso náutico deportivo formado por cinco edificacións con diferentes graos de conservación, no que se proxecta a rehabilitación da envolvente das edificacións, adecuación dos interiores



para adaptalos a novos usos, adecuación da rampla de acceso, así como a formación de dous pantaláns.

A pista polideportiva non está cuberta, o pavimento e o peche están en mal estado, polo que se proxecta a súa reparación e a adquisición de novo equipamento.

Ademais destas instalacións, preténdese levar a cabo a reforma doutras instalacións deportivas da contorna urbana do Concello para adecualas ás novas necesidades e á normativa, entre as que se atopan, o campo de fútbol de Caranza, o complexo deportivo de A Gándara e os pavillóns polideportivos de Santa Mariña, o Ensanche, a Casa do Deporte, e o polideportivo e piscina de Caranza.

O campo de fútbol de Caranza é un complexo formado por tres campos, dous de fútbol 8 e unha de fútbol 11. O estado dos campos é regular, polo que se proxecta a substitución de pavimentos. Asemade proxéctase cambiar a disposición das dúas pistas de fútbol 8 para poder formar unha pista de fútbol 11, o que supón traballos de movementos de terras, reforma de instalacións de abastecemento, rego, electricidade e alumeadado.

O complexo deportivo de A Gándara está formado por catro campos de fútbol, un de céspede natural e tres de céspede artificial. O pavimento destes últimos atópase en mal estado, polo que se proxecta a súa substitución por outro de características similares.

O pavillón polideportivo de Santa Mariña está composto por unha edificación principal e unha adosada de vestiarios e almacén. Proxéctase rehabilitar a envolvente do edificio, substituír o pavimento da pista e renovar vestiarios.

O pavillón polideportivo do Ensanche é un pavillón cuberto cun módulo de vestiarios adosados. Presenta deficiencias no pavimento da pista así como en revestimentos e instalacións interiores. Proxéctase repoñer o pavimento e reparar os acabados e instalacións interiores.

A Casa do Deporte de Caranza é tamén un pavillón cuberto cun módulo de vestiarios anexo. Presenta humidades debido a filtración na envolvente que provoca deficiencias nos acabados interiores. Proxéctase a súa reparación.

En relación ao pavillón polideportivo e piscina de Caranza preténdese facer melloras nos vestiarios existentes e demais instalacións, así como tamén realizar melloras enerxéticas nas instalacións do complexo.

Por último, para fomentar tamén a actividade deportiva no entorno rural, proxéctase a execución dunha nova pista polideportiva cuberta en Mandiá.

Polo custo das obras é necesario a colaboración da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, dadas as dificultades que representa



para a facenda municipal do Concello de Ferrol afrontar en solitario os compromisos económicos que derivan deste proxecto .

VII. Destas circunstancias, derívanse as razóns que acreditan o interese público, social e económico da actuación e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, segundo o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Ferrol co fin de que esta entidade local poida mellorar as infraestruturas vinculadas á prestación dos servizos municipais, recuperar o normal funcionamento das funcións que ten encomendadas e dos servizos que se lle prestan á veciñanza, como é facilitarlles a práctica de actividades deportivas.

VIII. O Concello de Ferrol cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, acreditou o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2022 ao Consello de Contas de Galicia.

IX. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.441A.760.0 (código de proxecto 2013 00039) na que existe crédito adecuado e suficiente.

X. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ferrol acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello de Ferrol para o desenvolvemento do proxecto denominado "Ferrol Cidade do Deporte" mediante a realización de melloras en instalacións deportivas dese concello, así como tamén a execución dunha nova pista polideportiva.



O obxectivo das actuacións propostas é o fomento da actividade física e a práctica deportiva da súa poboación, así como poñer en valor a súas múltiples instalacións deportivas mediante:

a) A reforma, reparación, rehabilitación e restauración das principais instalacións deportivas do concello:

- Estadio do Racing e pistas exteriores
- Pistas de Skate de A Malata
- Recinto Feiral FIMO
- Campo de Rugby, pista de atletismo e pistas de tenis de A Malata
- Pavillón multiusos de A Malata
- Cidade náutica de A Cabana
- Pista polideportiva de A Cabana
- Campo de fútbol de Caranza
- Cidade deportiva de A Gándara
- Pavillón de Santa Mariña
- Pavillón polideportivo do Ensanche.
- Pavillón Casa do Deporte de Caranza
- Pavillón polideportivo e piscina de Caranza

b) Execución dunha nova pista polideportiva en Mandiá, para o fomento da actividade deportiva no entorno rural.

SEGUNDA.- Investimento programado e cofinanciamento das actuacións

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de dezaioito millóns de euros (18.000.000,00€), IVE incluído, segundo a memoria detallada e valorada, cuxo orzamento se xunta como anexo I a este convenio e do cal forma parte.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, achegará a cantidade de nove millóns de euros (9.000.000,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 05.02.441A.760.0 (código de proxecto 2013 00039) do orzamento de gastos da Secretaría Xeral para o Deporte para os exercicios 2024, 2025, 2026 e 2027:

Anualidade 2024.....	300.000,00 €
Anualidade 2025	2.900.000,00€ €
Anualidade 2026	2.900.000,00€ €
Anualidade 2027	2.900.000,00€ €



O Concello de Ferrol achegará a cantidade de nove millóns de euros (9.000.000,00 €) do seu orzamento de gastos para os exercicios 2024, 2025, 2026 e 2027:

Anualidade 2024.....	300.000,00 €
Anualidade 2025	2.900.000,00€ €
Anualidade 2026	2.900.000,00€ €
Anualidade 2027	2.900.000,00€ €

TERCEIRA.- Compromisos das partes

3.1.- Obrigas do Concello de Ferrol

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Ferrol:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Tramitar o expediente de contratación da obra conforme a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
5. O Concello de Ferrol quedará obrigado a asumir ao seu cargo os aumentos que se produzan, no caso de que o custo das obras resulte superior á valoración prevista no orzamento, ou ben se deriven de revisión dos prezos adicionais, prórrogas e outros supostos.
6. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:



- a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula quinta deste convenio.
 - c. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda a cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
7. Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, e reintegrar as cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu remate, unha modificación que afecte a natureza do investimento.
 8. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 9. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 10. Subministrar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno



11. Colaborar e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

3.2.- Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes obrígase ao pagamento da achega indicada na cláusula segunda por importe de 9.000.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 05.02.441A.760.0 (código de proxecto 2013 00039) do orzamento de gastos da Secretaría Xeral para o Deporte para os exercicios 2023, 2024, 2025 e 2026. Este importe representa o 50 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

CUARTA.- Baixas de adxudicación e incidencias na execución

As achegas económicas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes verase diminuída en igual proporción que a que resulte de imputar as baixas que se obteñan nas respectivas adxudicacións. As baixas aplicaranse ao remate das obras, coa xustificación do cumprimento da finalidade da subvención e o seu custo real, axustando a cantidade resultante a subvencionar.

Así mesmo a citada achega non experimentará incremento no caso de producirse incidencias ou aprobarse modificacións durante a execución do contrato asinado polo concello coa empresa adxudicataria que supoñan aumento do seu custo.

QUINTA.- Xustificación e pagamento das axudas

De acordo co artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e co artigo 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Ferrol deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada que conterá a seguinte documentación:

- a) Facturas e, de ser o caso, certificacións de obra ou servizo con relación valorada e tramitada conforme o procedemento que rexe para a Administración local.



b) No seu caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2013, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a) do artigo 10 do Decreto 193/2011.

d) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, na cal se faga constar:

- O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, polas distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
- Que o Concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

e) Certificación emitida e asinada electronicamente polo secretario ou pola secretaria do concello beneficiario, na cal se faga constar:

- O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario das facturas e, no caso de obras, das correspondentes certificacións, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención e que inclúa a relación de gastos con identificación das persoas acreedoras (traballador/a, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Axencia Tributaria), número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga.



- Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
 - Que, segundo informe da Secretaría do concello, na tramitación e contratación, se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.
- f) Nos supostos en que sexa esixible, a entidade beneficiaria deberá presentar documento acreditativo da publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Á vista desta documentación o órgano competente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento por parte do concello beneficiario e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

A Secretaría Xeral para o Deporte poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de novembro de cada unha das anualidades.

A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O pago final efectuarase unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo concello.

Tal e como o establece o artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerase que o concello ten o gasto realizado cando teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. A entidade local está obrigada a acreditar documentalmete a efectividade dos pagos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data de ingreso na conta bancaria do concello.



SEXTA.- Concorrencia con outras axudas

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poida acadar o concello, sempre que a suma de todas elas non supere o investimento total real.

No momento da xustificación da execución total do proxecto, o concello presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes da resolución, para este proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

SÉTIMA.- Publicidade das obras

O Concello de Ferrol estará obrigado a cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas neste convenio, que incluírán en todo caso:

- Durante a execución do proxecto, no exterior da instalación ou do recinto, o Concello fixará un cartel informativo da natureza das obras obxecto do convenio, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento segundo modelo que se xunta como anexo II.
- Ao remate das obras, instalarase unha placa explicativa permanente, segundo o modelo do anexo III, colocada nun lugar visible no lugar das actuacións, que deberá permanecer durante, cando menos, cinco anos.

O tratamento tipográfico identificador das entidades participantes e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

OITAVA.- Rexistros públicos de axudas

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.



Así mesmo consinte na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

NOVENA.- Comprobación das obras

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos se reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda, en concreto, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuará unha comprobación material da inversión, quedando constancia mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, como polo representante do concello.

DÉCIMA.- Vixencia e denuncia do convenio

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro do ano 2027, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar dito período en virtude de causa debidamente xustificada sempre e cando se solicite cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de xustificación.

As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.

A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula décimo terceira, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.

O incumprimento das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:



- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.-O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51.2 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación do convenio

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

- 1.-Por acordo unánime dos asinantes.

En todo caso, a solicitude de modificación do prazo para presentar a xustificación do convenio, por parte do concello, deberá realizarse cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do mesmo.

- 2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

Consonte ao artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, no caso de que o Concello queira modificar as características do proxecto obxecto do convenio deberá solicitalo cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de xustificación. Xunto coa solicitude o Concello deberá presentar a documentación a que fai referencia o apartado 4 deste artigo.

Esta modificación respectará en todo caso o obxecto da subvención, evitando actuacións deficientes e incompletas.

DÉCIMO SEGUNDA.- Comisión de seguimento e interpretación

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous



representantes da Secretaría Xeral para o Deporte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes do Concello.

2. A Comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estará presidida por quen acorden os membros da Comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A Comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio.
 - Intervención previa á resolución por incumprimento.
 - Proposta, de ser o caso, de addendas.
 - Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes.
 - Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.-Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

DÉCIMO CUARTA.-Lexislación de aplicación, natureza do convenio e xurisdición competente

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.



Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa. Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asínase este convenio de colaboración na data da sinatura dixital.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Deportes
Diego Calvo Pouso

O alcalde do Concello de Ferrol
José Manuel Rey Varela



ANEXO I ORZAMENTO

RESUMEN DE PRESUPUESTOS ESTIMADOS	PBL S/IVA €	PBL C/IVA €
CIUDAD NÁUTICA DE A CABANA	888.040,00	1.074.528,40
1. Adecuación Edificio 1 (Instalación de remo y buceo)	199.920,00	241.903,20
2. Adecuación Edificio 2 (Instalación de vela 1)	27.845,00	33.692,45
3. Adecuación Edificio 3 (Zona de ocio)	24.100,00	29.161,00
4. Adecuación Edificio 4 (Instalación de vela 2)	38.080,00	46.076,80
5. Adecuación Edificio 5 (edificio de remo)	285.600,00	345.576,00
6. Adecuación Rampa:	36.415,00	44.062,15
7. Formación 2 pantalanes	276.080,00	334.056,80
PABELLÓN DE A MALATA	720.208,18	871.451,90
1. Adecuación de aseos y vestuarios	258.490,00	312.772,90
2. Actuaciones de eficiencia energética	201.360,00	243.645,60
3. Actuaciones en el exterior	35.665,00	43.154,65
4. Reparaciones puntuales en cubiertas	89.390,18	108.162,12
5. Reparaciones en pistas y fachadas	135.303,00	163.716,62
PISTA DE ATLETISMO, CAMPO DE RUGBY Y PISTAS DE TENIS	588.750,00	712.387,50
1. Adecuación campo de Rugby	452.020,00	546.944,20
2. Reparaciones puntuales pista de atletismo	38.555,00	46.651,55
3. Pavimentación pistas de tenis	98.175,00	118.791,75
RECINTO FERIAL FIMO EN A MALATA	5.968.428,88	7.221.798,94
1. Actuaciones en Pabellón 1	614.272,02	743.269,14
2. Actuaciones en Pabellón 2	530.507,08	641.913,57
3. Actuaciones en Pabellón 3	558.428,50	675.698,49
4. Actuaciones en Paso 2-3	167.528,55	202.709,55
5. Actuaciones en Pabellón 5	1.061.812,75	1.284.793,43
6. Actuaciones en Pabellón acceso	195.449,98	236.494,47
7. Nueva piscina cubierta	2.388.748,25	2.890.385,38
8. Urbanización	451.681,75	546.534,92



ESTADIO DE A MALATA	4.144.651,00	5.015.027,71
1. Sustitución/repación estructura de cubierta y cubrición	3.599.690,50	4.355.625,50
2. Reparación de cerramientos	70.388,50	85.170,09
3. Obras provisionales para ejecutar la obra por fases	202.776,00	245.358,96
4. Actuaciones complementarias (cubierta galería, etc)	271.796,00	328.873,16
PISTAS DE SKATE	99.485,00	120.376,85
1. Adecuación de pista de skate y su entorno	99.485,00	120.376,85
CAMPO DE FUTBOL DE CARANZA	738.171,00	893.186,91
1. Actuaciones previas y mov. Tierras	64.534,00	78.086,14
2. Pavimentaciones	219.198,00	265.229,58
3. Red de riego y abastecimiento	57.596,00	69.691,16
4. Red de saneamiento	24.895,00	30.122,95
5. Electricidad y alumbrado	106.030,00	128.296,30
6. Equipamiento	82.110,00	99.353,10
7. Jardinería	9.996,00	12.095,16
8. Varios (G.R., SYS, CC...)	148.536,00	179.728,56
9. Cierres perimetrales	25.276,00	30.583,96
COMPLEJO DEPORTIVO DE A GANDARA	264.180,00	319.657,80
1. Actuaciones previas	28.560,00	34.557,60
2. Reposición de pavimentos	214.200,00	259.182,00
3. Varios	21.420,00	25.918,20
PISTA POLIDEPORTIVA DE MANDIA	370.091,00	447.810,11
1. Movimiento de tierras y reposición	26.770,00	32.391,70
2. Instalación de riego	997,00	1.206,37
3. Instalación de saneamiento	8.885,00	10.750,85
4. Instalación de alumbrado	2.725,00	3.297,25
5. Pavimentos	119.473,00	144.562,33
6. Cerramiento y mobiliario	10.468,00	12.666,28
7. Formación de gradas	84.971,00	102.814,91
8. Jardinería	20.864,00	25.245,44
9. Varios	10.805,00	13.074,05
10. Cubrición	84.133,00	101.800,93



PISTA DEPORTIVA DE A CABANA	93.534,00	113.176,14
1. Rehabilitación del pavimento	57.834,00	69.979,14
2. Cierre y otras actuaciones	16.660,00	20.158,60
3. Equipamiento	9.520,00	11.519,20
4. Varios	9.520,00	11.519,20
PABELLÓN DE SANTA MARÍA	237.893,00	287.850,53
1. Rehabilitación de envolvente	108.599,00	131.404,79
2. Rehabilitación del pavimento de la pista	62.654,00	75.811,34
3. Actuaciones en vestuarios	47.600,00	57.596,00
4. Otras actuaciones	9.520,00	11.519,20
5. Varios	9.520,00	11.519,20
PABELLÓN POLIDEPORTIVO DEL ENSANCHE	298.203,00	360.825,63
1. Trabajos previos	30.238,00	36.587,98
2. Sustitución pavimento madera pista	178.548,00	216.043,08
3. Reparaciones puntuales	48.957,00	59.237,97
4. Señalización, marcajes y equipamiento	29.750,00	35.997,50
5. Varios	10.710,00	12.959,10
CASA DEL DEPORTE DE CARANZA	151.428,00	183.227,88
1. Trabajos previos	27.906,00	33.766,26
2. Mejora de la envolvente	83.717,00	101.297,57
3. Otras actuaciones interiores	27.906,00	33.766,26
4. Varios	11.899,00	14.397,79
PISCINA DE CARANZA	312.970,00	378.693,70
1. Trabajos previos	19.040,00	23.038,40
2. Adecuación de vestuarios	85.680,00	103.672,80
3. Mejora eficiencia instalaciones	190.400,00	230.384,00
4. Varios	17.850,00	21.598,50
TOTAL PRESUPUESTOS ESTIMADOS	14.876.033,06	18.000.000,00



ANEXO II

MODELO CARTEIS INFORMATIVOS MEDIDAS FORMATO ESTÁNDAR A1

OBRA FINANCIADA (OU CONFINANACIADA, *segundo corresponda*) **POR:**



LOGOTIPO DO CONCELLO

OBRA:.....(*Nome da obra*)

DIRECCIÓN FACULTATIVA: *NOMES E APELIDOS*

EMPRESA ADXUDICATARIA: *NOME DA EMPRESA ADXUDICATARIA*

ORZAMENTO:.....€

DATA DE INICIO: *DD/MM/AAAA*

PRAZO DE EXECUCIÓN:.....*MESES*



ANEXO III

MODELO DE CARTEL E PLACA EXPLICATIVA PERMANENTE (50 cm x 30 cm)



Espazo para inserir o escudo ou
logotipo do Concello

ESPAZO PARA INSERIR A DENOMINACIÓN DO PROXECTO
SUBVENCIONADO

Orzamento: €

PROXECTO PARA A EXECUCIÓN _____

